
PREGUNTA ORAL DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE O PARQUE ARQUEOLÓXICO COMPOSTELA RUPESTRE

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte PREGUNTA ORAL, sobre o Parque Arqueolóxico Compostela Rupestre e as actuacións previstas dentro do termo municipal de Santiago de Compostela:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Comarca de Santiago é un territorio onde a pedra sempre foi protagonista. Desde a prehistoria ata a actualidade homes e mulleres expresaron a súa relixiosidade, a súa arte e construíron as súas obras en pedra. Do mesmo xeito gravaron símbolos nas penedas para delimitar os seus territorios, establecer os lindes ou marcar camiños.

A Terra de Santiago é unha área rica en todo tipo de manifestacións rupestres e por iso no mandato anterior, e en colaboración coa Deputación, impulsouse a creación do Parque Arqueolóxico, Compostela Rupestre. Un proxecto que une aos concellos de Ames, Brión, Santiago, Teo e Val do Dubra ao redor do patrimonio cultural escrito na rocha. Unha iniciativa para achegar á cidadanía unha das áreas máis importantes na arte rupestre de Galicia, na que primarán os obxectivos de conservación e mantemento, pero tamén o traballo de divulgación para dar a coñecer á veciñanza e tamén aos visitantes este rico valor patrimonial da nosa contorna. Entre os obxectivos a medio prazo do parque arqueolóxico tamén está a posta en marcha de novo, do Centro de Interpretación de Villestro

No resto de Concellos da nosa contorna, como Ames e Teo, están a desenvolverse actividades específicas de conservación e divulgación deste patrimonio arqueolóxico. Pero no de Santiago non parece haber noticia sobre actividade algunha neste aspecto, nin no relativo á conservación, nin tampouco no relativo a labores de divulgación, xa que nin se programan, nin se facilitan as visitas por parte doutros colectivos aos petróglifos do noso concello.

Por parte da Deputación da Coruña, licitouse o Plan Director do Parque Arqueolóxico que debe servir de roteiro para as actuacións no parque, pero ademais ante a falta de implicación e mantemento por parte dalgúns concellos como o de Santiago de Compostela, a propia Deputación iniciou os traballos para licitar a limpeza e mantemento das áreas de petróglifos. Resulta sorprendente, que incluso sendo a Deputación quen corre cos gastos, desde o Concello de Santiago non se estean a facilitar estes traballos resolvendo con dilixencia a tramitación das autorizacións dos propietarios.

Temos que recordar unha vez máis a importancia de proceder a esta licitación para facer a limpeza destes terreos este verán e disminuir os riscos de que os lumes poidan danar o noso patrimonio arqueolóxico unha vez máis.

Tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para a súa resposta **ORAL** a seguinte **PREGUNTA**:

- **Con que previsión temporal e que medidas vai tomar o goberno municipal para avanzar na limpeza e mantemento do Parque Arqueolóxico Compostela Rupestre e que actuacións concretas ten previstas para a preservación e divulgación da riqueza patrimonial que supoñen os petróglifos en todo o noso municipio?**

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2022


Jorge Duarte Vázquez



GRUPO MUNICIPAL

Concelleiro do Grupo Municipal de Compostela Aberta

Á ATENCIÓN DO ALCALDE DE SANTIAGO